



## GUÍA DE AXUDAS/PRESTACIÓNS A PERSOAS DESEMPREGADAS ANTE O COVID-19

### 1.- RENOVACIÓN DA DEMANDA DE EMPREGO

- NON será necesario renovar a demanda de emprego ata o 30 de xuño de 2020.
- NON se dará de baixa ás persoas estranxeiras que teñan pendente a renovación dunha autorización administrativa ou estean pendentes de presentar algunha documentación justificativa.
- NON se esixirá a acreditación da procura activa de emprego (BAE) na solicitude do subsidio extraordinario ou renda activa de inserción.
- Quedan suspendidas as citas presenciais de orientación laboral. O teu persoal de orientación, poderá contactar contigo, no seu caso, para citas de seguimento telefónico.
- Quedan aprazadas, mentres dure a suspensión das actividades educativas, as accións de formación profesional para o emprego xestionadas ou financiadas pola Xunta de Galicia, as prácticas non laborais, os talleres de emprego e os programas integrados de emprego.

¡Lembra!, esta información está en constante actualización. Revisa a web (<https://emprego.xunta.gal> - Medidas Extraordinarias para Persoas Demandantes) para consultar a derradeira actualización.

### 2.- SUBSIDIOS E PRESTACIÓNS PERSOAS DESEMPREGADAS

¿Onde se tramitan? Na web do SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal): <https://sede.sepe.gob.es/citaprevia/solicitudCitaPrevia.do> - Solicitar Cita Previa, todos os trámites realízanse de maneira telefónica, establecerase un día e hora para a cita telefónica e espera á chamada do SEPE o día e hora indicados.

Axudas complementarias ás prestacións e subsidios habituais:

- **SUBSIDIO PARA PERSOAS EMPREGADAS DE FOGAR** afectado por unha redución de xornada ou o empregador extinguiu o seu contrato: Pódense solicitar a partir do 5 de maio de 2020.
- **SUBSIDIO EXCEPCIONAL POR FIN DE CONTRATO TEMPORAL:** Pódense solicitar a partir do 5 de maio de 2020.
- Traballadores afectados por suspensións de contrato e reducións de xornada (**ERTE**). Se se viu afectado por un ERTE Non ten que solicitar cita previa co SEPE, xa que a xestión da súa prestación tramítase entre a súa empresa e o SEPE.
- **APOIOS PARA PERSOAS TRABALLADORAS ACOLLIDAS A ERTES**  
A Xunta activa unha liña de apoios para que cada traballador/a galego/a acollido/a un expediente de regulación temporal de emprego (Erte) autorizado e que aínda non cobrase as prestacións por desemprego do Goberno central poida recibir de forma inmediata un anticipo de 1.500 euros, cun tope mensual de 750.

As contías dos anticipos estableceranse en función das mensualidades que cada empregado teña pendente de cobro e poderán chegar ata 750 euros ao mes, non caso de persoas con contratos a xornada completa e afección do Erte ao 100% dá xornada. Se ou

contrato fose a tempo parcial ou ou Erte afectase só a unha parte dá xornada, ou adianto reducirase proporcionalmente. Máis información nos teléfonos 900 815 600 e 900 815 151 e na web de Emprego Galicia (<https://emprego.xunta.gal>).

**¡Lembra!, esta información está en constante actualización. Ante a dúbida, recoméndase a solicitude de cita no SEPE para a comprobación de ter dereito ou non á prestación/subsidio.**

### **3.- AXUDAS PARA HIPOTECAS E ALUGUERES EN CASOS DE SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE CONSECUENCIA DO COVID19**

- **Moratoria dos créditos hipotecarios.**

A hipoteca deberá ter sido destinada a adquisición dun dos seguintes bens:

-A vivienda habitual.

-Inmobles afectos á actividade económica que desenvolvan os empresarios e profesionais incluídos no Real Decreto.

-Vivendas distintas á habitual en situación de alugueiro e para as que o debedor hipotecario persoa física, propietario e arrendador de ditas vivendas, deixara de percibir a renda do alugueiro dende a entrada en vigor do Estado de alarma ou deixe de percibila ata un mes despois da finalización do mesmo.

Tramitación: Presentar ante a entidade financeira a solicitude de moratoria. Prazo de presentación da solicitude: ata 15 días despois do fin do estado de alarma.

Máis información sobre o procedemento:

[http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/moratoria\\_hipotecaria](http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/moratoria_hipotecaria)

- **Moratoria ou préstamo para o pago do aluguer.**

- Traballador en situación de desemprego.

- Traballador sometido a Expediente de Regulación de Emprego. (ERTE)

- Empresario ou profesional sometido a redución de xornada por motivo de coidados ou circunstancias similares que supoñan una perda substancial de ingresos.

Máis información sobre tramitación e prazos:

Préstamo: [http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/prestamos\\_alugueiro](http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/prestamos_alugueiro)

Moratoria: [http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/moratoria\\_aluguer](http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/moratoria_aluguer)

**¡Lembra!, esta información está en constante actualización. Revisa as webs indicadas anteriormente para consultar a derradeira actualización.**